

## AS NEGOCIACIÓN S EN PUNTO MORTO. RESUMO DA 6ª REUNIÓN PARA ACADAR UN ACORDO DE HOMOLOGACIÓN SALARIAL

MESA SECTORIAL DO 8 DE XUÑO DE 2018

*A actitude inmovilista da Administración dificulta enormemente a consecución dun acordo de Homologación Salarial que a propia Administración sempre recoñeceu que era necesario.*

Nesta sexta reunión, a **FeSP-UGT** viuse outra obrigada novamente a rexeitar a oferta da Administración para a **homologación salarial do profesorado galego** na que se presentou a mesma proposta que xa presentaran na reunión anterior (xoves pola tarde):

- **Suba lineal de 80 euros.**
- **Calendario de aplicación:**
  - 10 euros en outubro de 2018
  - 15 euros en xaneiro de 2019
  - 25 euros en xaneiro de 2020
  - 30 euros en xaneiro de 2021

Esta organización denuncia a **nula capacidade negociadora** que están a mostrar os representantes da Consellería de Educación e tacha de pouco seria a reiteración da proposta da administración, repetindo a xa feita na reunión anterior e ademais bloqueando a posibilidade de chegar a un acordo.

Coa fin de reconducir a situación e facendo un gran esforzo, a **FeSP-UGT** modifica a súa proposta quedando como segue:

- **Suba lineal de 115 euros.**
- **Calendario de aplicación:**
  - 1/3 en setembro de 2018.
  - 1/3 en xaneiro de 2019.
  - 1/3 en xaneiro de 2020

A resposta da Administración foi unha **negativa rotunda** coa que ademais a **propia Consellería** paraliza as negociacións. **FeSP-UGT** atopouse cunha Consellería de Educación **obcecada** cunhas cantidades e cunhas datas que **IMPOSIBILITAN CHEGAR A UN ACORDO CON ESTA ORGANIZACIÓN SINDICAL**.

A Administración deixou en suspenso as negociacións chegando a culpabilizar ás OOSS de que non se poida chegar a un acordo. **É EVIDENTE QUE NON PODEMOS CHEGAR Ó ACORDO QUE ELES QUEREN**. De ningunha maneira podemos aceptar esta acusación. A **FeSP-UGT** leva asistindo a múltiples mesas sectoriais cunha vontade negociadora que reunión tras reunión se ve coartada pola pasividade dos representantes da Consellería de Educación na negociación e que no día de hoxe tivo a máxima expresión xa que non fixo ningún achegamento nin na cuantía nin tampouco na modificación do seu calendario de aplicación, que por certo, temporalmente iría máis alá do remate desta **lexislatura**. **Dilatar a aplicación do posible acordo ata o ano 2021 resulta inaceptable**.

A **FeSP-UGT** denuncia por tramposo o argumento da Consellería de que con 80 euros de suba nos posiciona no sexto lugar da táboa das retribucións por Comunidades Autónomas. Tramposo porque non é así para todos os corpos docentes, nin é así para toda a carreira profesional. Por exemplo, un docente de secundaria con 3 sexenios non acadaría esa posición con esa cantidade. Pola contra, a nosa proposta (suba de 115 euros) si cumpre estas **condicións**:

- Colócanos na posición de acordos anteriores.
- Todos os corpos docentes acadarían esta posición.
- Independentemente da antigüidade, tamén acadaríamos esa posición.

**A FeSP-UGT** na Mesa sectorial de hoxe pediu que non se dean por rematadas as negociacións esixindo á Administración, e ó seu máximo responsable, o Conselleiro de Educación que **TOME A DIRECCIÓN DESTA NEGOCIACIÓN E QUE DEFENDA DIANTE DO RESTO DO GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA ÓS SEUS TRABALLADORES E TRABALLADORAS**.

**Namentres esta situación non se produza A FeSP-UGT**, non **descarta levar a cabo todas as medidas de presión e mobilización que sexan precisas para a consecución do ACORDO RETRIBUTIVO**.

**SINDICATO NACIONAL DE ENSINO PÚBLICO**

**AGORA, NÓS**